

Real Club Celta De Vigo

Eu medrei no Calvario de Vigo cos meus avós e cos meus pais. Dende pequeno gustoume o fútbol e sempre baixaba á praza a xogar ao fútbol co meu avó. Fun medrando e empezoume a gustar ver fútbol na tele. Os meus avós eran socios do Celta de Vigo dende había moito tempo, e máis eu víaos cos meus pais pola tele. Despois de que rematase aquela tempada na que o Celta conseguiu a clasificación para a Europa League, foi unha sorpresa para Vigo todas as rúas estiveron festexando a clasificación tan merecida dos celestes. Pasado ese verán, o Celta empezou a liga co moi bo pé. Chegaron as primeiras xornadas de Europa e o equipo celeste sumaba puntos nesa fase de grupos tan difícil que tiñan. Pasaron como primeiros e presentáronse aos oitavos de final con un bo sabor de boca. Pasaron de ronda, pero cada vez esixía máis esforzo e, ao ter dúas competicións, facíase complicado. En liga baixaron moito o nivel, pero en Europa League mantiñan a forma. Chegaron ás semifinais, onde o Manchester United eliminou aos celestes. Foi unha pena para Vigo, pero á vez un orgullo poder pelexar e chegar até semis. Na liga non conseguiron nada, pero mantivéronse en Primeira. Esa tempada foi un orgullo para o Celta. Este ano 2025 volverán xogar a Europa League con moitísimas máis ganas.

Aitor Vázquez Gómez